Ensaio sobre a crítica

Alexander Pope

Tradución de Fernando Moreiras

ATG
asociación de tradutores galegos

ENSAIO SOBRE A CRÍTICA

Escrito no ano MDCCIX

SUMARIO

PRIMEIRA PARTE

Introdución: do grande erro que supón facer mal xuízo, ou mala escritura, con máis perigo se é cara ao público (v. 1); do difícil que é atopar verdadeiro gusto, ou verdadeiro xenio (vv. 9 a 18); de como a maioría dos homes nacen cun certo gusto, que se ve malogrado pola falsa educación (vv. 19 a 25); da plétora de críticos e das causas da súa existencia (vv. 26 a 45); por que debemos estudar o noso propio gusto e coñecer os seus límites (vv. 46 a 67); a natureza como perfecta guía do xuízo (vv. 68 a 87); como esta se ve mellorada polas artes e as regras, que tan só supoñen a aplicación dun método á natureza (v. 88); regras derivadas da práctica dos poetas clásicos (vv. 88 a 110); de como se deduce por todo isto que un crítico debe estudar os clásicos, en especial a Homero e Virxilio (vv. 120 a 138); as licenzas e o uso que os clásicos facían delas (vv. 140 a 180); eloxio dos clásicos, a quen se debe reverencia (pp. 181 a 202).

SEGUNDA PARTE (do v. 203 en diante)

Das causas que impiden facer un xuízo acertado: 1) o orgullo (v. 208); 2) a aprendizaxe imperfecta (v. 215); 3) xulgar as partes e non o todo (vv. 233 a 288), e centrar a crítica só no enxeño, na linguaxe ou na versificación (vv. 288, 305 e 339); 4) ser difícil de contentar ou estar demasiado disposto a admirar (v. 384); 5) a parcialidade, como a excesiva querenza por unha seita, polos clásicos ou polos modernos (v. 394); 6) o prexuízo ou a prevención (v. 408); 7) a singularidade (v. 424); 8) a inconstancia (v. 430); 9) o espírito partidista (v. 452); 10) a envexa (v. 466), censura da envexa e eloxio da boa natureza (v. 508), a severidade como ferramenta principal dun crítico (v. 526).

TERCEIRA PARTE (do v. 560 en diante)

Regras para obrar como crítico: 1) o candor (v. 563), a modestia (v. 566), a boa educación (v. 572), a sinceridade e o libre consello (v. 578); 2) cando hai que limitar os consellos (v. 584), o carácter do poeta incorrixible (v. 600), o do crítico impertinente (v. 610) e o do bo crítico (v. 629). A historia da crítica e os caracteres dos mellores críticos: Aristóteles (v. 645), Horacio (v. 653), Dionisio (v. 665), Petronio (v. 667), Quintiliano (v. 670) e Lonxino (v. 675). A caída da crítica e a súa recuperación: Erasmo (v. 693), Vida (v. 705), Boileau (v. 714) e lord Roscommon (v. 725). Conclusión.

Non é fácil saber se falta máis listura
en quen fai mal xuízo ou fai mala escritura;
mais, deses dous pecados, ten maior penitencia
confundir o sentido ca esgotar a paciencia.
Non hai números certos, mais podemos apor
que hai dez malos censores por un mal escritor:
cada vez que un poeta falta de tino amosa

un só mal feito en verso leva a moitos en prosa.
Pasa igual cos reloxos e os xuízos teimosos:
todos marcan distinto e só valen os nosos.
É escaso entre os poetas o xenio verdadeiro,
mais tamén entre os críticos falta gusto senlleiro;
a santa luz do ceo á par ha bendicir
a quen ten que xulgar e quen ten que escribir.
Hai quen quere ensinar aos que teñen sapiencia
e censura sen freo os que escriben con ciencia.
É ben certo que o enxeño dun autor é parcial,
mais cando deu a crítica un xuízo neutral?
Só temos que fixarnos para ver as sementes
do froito do xuízo nunha chea de mentes:
a boa natureza dá sempre uns poucos azos
cos que todos podemos facer rectos os trazos.
Pero así como as liñas dun debuxo axeitado
acaban estragadas cun mal coloreado,
o falso saber deixa o sentido alterado:
no dédalo de escolas moitos vense perdidos,
e algúns simples bufóns danse aires de lidos.
A procura do enxeño o sentido dispensa,
e convértense en críticos só por propia defensa:
a calquera fustrigan, saiba ou non escribir,
de rivais e covardes a saña hai que sufrir.
O impulso de burlarse o parvo manifesta,
e estar entre os que rin é do que máis lle presta.
Coma un torpe Maevio que de Apolo se mofa,
hai quen, se mal escribe, inda peor apostrofa.
Uns principian co enxeño, seguen cos vellos vates,
logo vólvense críticos e paren disparates.
Uns non saben de crítica nin tampouco de enxeño:
nin cabalo nin asno é o mulo burreño.
A boa Gran Bretaña aos mediocres dá asilo,
e hai tantos coma insectos nas orelas do Nilo:
son seres incompletos que aparecen do nada,
e custa pórlle nome a esta estraña camada;
cumprirían cen linguas para deles dar conta,
ou un só enxeño van que a cen homes afronta.
Mais se queres levar e outorgar fama a eito,
e gabarte de crítico por cumprido dereito,
busca os teus propios límites, e aprende a coñecer
o alcance dos teus méritos: xenio, gusto e saber;
Non abrangas de máis, practica a discreción,
e vixía a fronteira da sandez e a razón.
A sabia natureza mesura os seus galanos,
e frea o atrevido enxeño dos humanos;
e se o océano cobre unha terra ancestral
para noutro lugar crear un areal,
igual pasa coa alma, pois se vence a memoria
vacila o entendemento e ensombrece a vitoria;

e se brillan os raios do tépedo maxín,
derrétense os detalles na memoria ruín.
Nun xenio só hai cabida para unha soa ciencia,
pois tan vasta é a arte e tan curta a conciencia
que non só ten por límite unha arte concreta,
senón que se confina a unha soa faceta.
Pasa o mesmo cun rei que perde o conquistado
por ceder á ambición dun dominio aumentado;
está na man de todos gobernar un terreo
se cada un se confina ao que non lle é alleo.
Primeiro has respectar as leis da natureza,
e adaptar o xuízo a esa eterna xusteza:
Natura é infalible, e a todos ilumina
cunha luz impoluta, inmutable e divina
que outorga forza e vida, concede fermosura
e da arte é orixe, final e mais mesura.
A arte a todos dá unha xusta ración,
e traballa sen pompa, sen chamar a atención:
é igual que coa alma, que da carne é señora,
e coa medra do espírito así o corpo mellora;
diríxelle as accións e márcalle os afectos,
e, sendo ela invisible, vemos os seus efectos.
A algúns o Ceo deulles enxeño con fartura,
e pídenlle aínda máis para sacarlle usura;
o enxeño e o xuízo adoitan pelexarse,
mais como dous esposos ao cabo han de axudarse.
A crítica é un xinete e o xenio un bo cabalo,
e hai que levarlle as rendas mais non esporealo;
debe conterse a furia deste alado corcel
que mostra o seu tempero se o guías con aquel.
Estas regras poéticas descubríronse antano,
e non foron creadas polo saber humano;
mostran a natureza, que estará restrinxida
só polas propias normas que ela mesma decida.
Grecia, sabia e letrada, ben nos soubo marcar
cando conter o xenio ou deixalo voar:
aprendeu aos seus fillos no cume do Parnaso
neste arduo camiño como dar cada paso;
mostráballes no alto as glorias inmortais,
e ata a cima chegaban por uns chanzos iguais.
Mediante grandes obras deunos xustos preceptos
que viñan derivados de divinos conceptos.
Críticos xenerosos daban ás aos autores,
e ensinaban ao mundo a gozar dos mellores.
Deste xeito era a crítica dunha musa a criada,
e axudaba a vestila e a que fose admirada.
Mais ese nobre afán non se estila arestora:
fanlle a corte á criada xa que non á señora,
e contra os escritores as espadas volveron
convencidos de odiar a de quen aprenderon.

Son coma curandeiros, que empregando receitas
extraídas dos médicos fan tremendas desfeitas;
seguen regras erradas e prescriben sen tino,
e falan con desprezo de quen lles deu ensino.
Entre as follas dos clásicos algúns fan tal pillaxe
que nin tempo nin couza fan dano máis salvaxe.
Outros homes máis simples prefiren producir
receitas insensatas sobre como escribir;
e se un poema mostra sentido e ensinanza,
ao tratar de explicalo fano mal con larganza.
Se queres facer crítica polo xusto sendeiro,
descubre en cada clásico un carácter senlleiro:
os seus temas e campos, a súa creación,
e o xenio do seu tempo, país e relixión;
sen ter todos presentes á hora de falar,
podes poñer reparos, pero non criticar.
Tira da obra de Homero estudo e fruición:
de día fai lecturas, de noite reflexión;
por medio dela ascende ata a fonte das musas,
e dela obtén xuízo e máximas profusas;
entre os seus moitos textos fai comparanza oufano,
e coméntaos ao estilo do poeta mantuano.
Cando o mozo Virxilio, o da mente xenial,
creou unha obra eterna, máis ca a Roma inmortal,
sobre das leis da crítica semellaba elevarse,
e só na natureza tiña onde inspirarse;
mais logo, ao estudar das cousas a feitura,
descubriu a igualdade entre Homero e Natura.
Convencido e abraiado mudou a súa escrita,
e puxo como límite unha lei tan estrita
que sería do agrado do propio Estaxirita.
Dálles ás regras clásicas a maior das estimas,
e imita a natureza cando compoñas rimas.
Ás veces os preceptos non rexen nas belezas,
e faise algo fermoso sen pararse en miudezas.
Música e poesía pódense comparar
en que hai grazas anónimas que non se han de ensinar
e só os mestres auténticos conseguen alcanzar.
En caso de que as normas limiten o maxín
(pois as regras creáronse para chegar a un fin)
e unha boa licenza supoña a solución,
empregar tal licenza é a nosa obrigación.
É coma se Pegaso comezase a voar
e deixase un camiño para a ruta acurtar.
Así os grandes enxeños teñen tachas gloriosas,
e os auténticos críticos estímanas fermosas;
con ousado desorde rompen as ataduras,
e superan a arte con graciosas finuras;
sen que medien xuízos gañan os corazóns,
e cumpren de inmediato coas súas intencións.

É como moitas cousas dun encanto especial
que se forman fuxindo da orde natural,
como unha rocha informe e un cantil colosal.
Pero aínda que os clásicos as regras ignoraron,
igual ca os reis incumpren as leis que promulgaron,
coidádevos, modernos, ao facer transgresións:
ignorade os preceptos, mais nunca as intencións;
que ocorra cando cumpra, que non sexa frecuente;
e tede sempre á man un sabio precedente;
porque se non os críticos con saña atacarán,
quitaranvos a fama e lei propia imporán.
Algúns críticos teñen unhas miras moi altas,
e esas belas licenzas considéranas faltas.
Hai figuras poéticas que parecen monstruosas
e ao miralas de preto non resultan airosas,
pero que adquiren forma e gañan elegancia
cando son observadas cunha certa distancia.
Un xeneral prudente non debe despregar
as tropas en ringleiras, de forma regular:
adáptase á ocasión, simula retiradas,
oculta as súas forzas e prepara celadas.
O que parece un erro é un truco enxeñoso:
non copiamos de Homero, son feitizos de noso.
Nos altares dos clásicos verdean os loureiros,
a salvo das sacrílegas gadoupas dos preeiros,
das lapas furibundas, da envexa desprezable,
da guerra destrutora e do tempo implacable.
Mirade como os loan en todos os recantos!
Oíde como os honran con eloxiosos cantos!
Que todo o mundo xunte a súa voz en coro
para poder gabalos con cumprido decoro.
Salve, bardos ilustres de tempos sobranceiros!
Do encomio universal os inmortais herdeiros!
A vosa honra medra co decorrer dos días,
igual que crece un río percorrendo as campías;
en nacións por nacer loaranvos devotos,
e teredes o aplauso de mil mundos ignotos.
Oxalá a vosa chispa se converta en fogueira
e dea inspiración á xente cativeira,
aos que desde a distancia vos procuran seguir,
aos que se crecen lendo e tremen ao escribir;
e dea unha ensinanza ao enxeño sandeu:
a admirar o dos outros e cuestionar o seu!

Varias causas conspiran contra o siso das xentes,
céganlles o xuízo e enléanlles as mentes;
e a que máis predomina nos espíritos pobres
é o orgullo, de antigo o vicio dos innobres.
Sempre que a natureza escatima o valor,
con orgullo compénsao con largura e esplendor.

Teñen almas e corpos igual funcionamento:
todo se enche con aire cando falta sustento;
ao fallarnos o enxeño vén o orgullo aguerrido,
e enche o enorme baleiro da falta de sentido.
Escorrenta esa nube con razóns acertadas
e a verdade abrirase cunhas luces douradas.
Os teus propios defectos en ti xamais has ver:
a amigos e inimigos terás que recorrer.
Ser parco de saberes é causa de miseria;
cando probes a auga do manancial de Pieria
non deas grolos curtos, bebe ata a saciedade,
pois, se unha pouca embriaga, moita dá claridade.
Na ousada xuventude tentamos alcanzar
as alturas das artes e as musas cortexar;
mais, sendo tan estreitos os límites das mentes,
non miramos ao lonxe, só o que temos a rentes;
pero logo albiscamos, ao gañar experiencia,
as distantes paisaxes da ilimitada ciencia!
Enfrontamos os Alpes sen medos nin mareos,
e ao subir polos vales cremos tocar xa os ceos;
ao acadar os primeiros cumes e neboeiros
damos por superados os eternos neveiros;
mais cando os alcanzamos espanta comprobar
os crecentes esforzos que aínda hai que pasar;
cánsasenos a vista ante tal perspectiva,
vendo monte tras monte, e as cimas tan arriba!
Se ti aspiras a ser un crítico perfecto
tes que ler os autores co seu mesmo intelecto:
avalía o conxunto, e os cazapos ignora
se é que o texto conmove e que a paixón aflora;
non deixes de gozar por motivos perversos
dos fermosos encantos do maxín e dos versos.
Mais se a obra non flúe e cae na apatía
por un ritmo pesado e unha corrección fría,
se por evitar fallos ten un teor vulgar,
un poema impecable por forza ha de enfastiar.
Nas artes e no mundo resúltannos magníficas
as cousas en conxunto, non partes específicas;
só un beizo, ou un ollo, non che son máis ca pezas:
é na suma de todo onde están as belezas.
Ao vermos unha cúpula de exacta proporción,
coma aquela que en Roma provoca admiración,
cada parte sorprende con igual esplendor,
e xúntanse nun todo perante o observador;
ningún alto nin ancho parece destacar,
e o conxunto é fermoso, ousado e regular.
Desconfía se estimas unha peza impecable:
a perfección non é, foi, nin será alcanzable.
Busca a finalidade do autor en cada texto;
cínguete ao que el aspira dentro do seu contexto;

e se os medios son xustos e as formas son cabais,
é o teu deber loalo malia os fallos triviais.
Os homes con enxeño, igual ca os nobres lores,
evitan grandes erros facendo outros menores;
as regras dalgúns críticos é mellor ignoralas,
pois as parvas simplezas procede desbotalas.
Boa parte dos críticos son servís na súa arte,
e para eles o todo depende dunha parte:
parolan de principios, mais van ao puntual,
e todo o sacrifican ao seu gusto especial.
Disque unha vez, na Mancha, o fidalgo famoso
coincidiu nunha andanza cun autor virtuoso;
debateron con tanta eminencia e apego
coma o propio John Dennis sobre o teatro grego;
e tacharon de tolos aos que, con pouco siso,
das regras de Aristóteles facían caso omiso.
O poeta, atopando unha mente preclara,
ofreceulle unha obra que el mesmo redactara,
e pediulle opinión sobre o tema e a trama,
sobre as formas e os ritmos, sobre o total do drama.
Axustábase ás normas, e eloxios tivo o vate;
tan só lle reprochou que faltaba un combate:
«Como é que non o hai?», o fidalgo exclamou;
«É por respecto ás regras», o bardo contestou.
«Vive Deus que non tal!», —respondeu sen finuras—:
«Á escena han de subir guerreiros e monturas!».
«Pero se no escenario non cabe ese xentío».
«Pois constrúese un novo, ou faise nun campío!».
Así, vemos nos críticos máis antollos ca ideas,
e en lugar de saberes ofrecen verborreas;
teñen miras moi curtas, e fan ofensa ás artes,
igual ca ás boas maneiras, cun amor polas partes.
Algúns cínguense ao gusto pola grandilocuencia,
e polo rechamante demostran preferencia;
só lles gustan as obras cegadoras e exóticas
onde xunten ás tolas mil ideas caóticas.
Son os malos poetas coma os malos pintores:
ao debuxar o mundo non atinan coas cores,
e co fin de ocultar que están pouco dotados
cobren os trazos torpes con brillos e dourados.
O enxeño verdadeiro realza a natureza,
e o que todos coñecen expresa con beleza;
se antano vimos algo de bondade patente,
o xenio do poeta fai que nos volva á mente.
Igual ca a luz resalta grazas á sombra escura,
destácase o enxeño cunha simpleza pura;
e así como un ser morre por comer demasiado,
fai perecer as obras o enxeño esaxerado.
Algúns céntranse só no uso da linguaxe,
e valoran os libros fixándose na imaxe.

Só teñen un eloxio: «Un estilo excelente»,
e ignoran o sentido con modestia anuente.
As follas e as palabras aseméllanse moito:
onde vemos que abundan custa atopar un froito.
Esta falsa elocuencia é un prisma de cristal:
belas cores espalla, alegres por igual,
mais oculta a verdade que dá a luz natural.
Unha expresión auténtica ten que ter claridade,
e, coma a luz do sol, revela a realidade,
non altera o que toca, realza o que ilumina,
e aumenta a fermosura cunha luz ambarina.
A expresión é a roupa que unha idea recobre,
e se o verbo é correcto parecerá máis nobre;
un engano ataviado con palabras pomposas
é un pallaso que leva vestimentas luxosas.
Con cada tema emprega o estilo que lle atila:
hai prendas para a corte, e outras para a vila.
Algúns buscan a fama con expresións de antano
que, no mundo moderno, teñen gusto profano;
mais estas vacuidades levan tan rara guisa
que aos incultos abraian e aos lidos danlles risa.
Como Fungoso, visten con torpe vaidade,
e imitan a elegancia vista na Antigüidade
pero que hoxe estimamos signo de fatuidade.
Dos clásicos só fan tristes imitacións;
é disfrazar uns monos poñéndolles xibóns.
Aplica a mesma norma ás palabras e á moda:
se é moi novo ou moi vello por igual incomoda;
en probares o novo non sexas o primeiro,
nin desbotando o vello sexas o derradeiro.
Moitos segundo os números valoran os poetas,
e a obra só é boa se as cifras son concretas;
se nas fermosas musas mil belezas conspiran,
a súa voz é o único que estes parvos admiran;
coma os que van á igrexa para escoitar os cantos
sen aprender doutrina, estes pobres espantos
acoden ao Parnaso por uns poucos encantos.
Queren versos exactos, iguais e ben medidos,
sen importar que soen coma horrendos laídos;
escollen as palabras cun gusto repulsivo,
e como non lles cadran, ai!, usan o expletivo;
os seus versos padecen dun son repetitivo,
e o seu uso das rimas é moi reiterativo:
se nun verso aparece «unha fresca maraxe»,
por forza ha de seguirlle «o rumor da follaxe»;
e se un arroio ten «un murmurio risoño»,
ameaza ao lector, sen dúbida, co «soño».
Préstalles rematar sempre cunha moral:
un triste pareado solitario e banal
de dous versos moi longos que poñen fin á obra

arrastrándose amodo como unha torpe cobra.
Ti déixaos escribir, e tira unha lección
sobre os textos que flúen e os que son un baldón;
e loa os fortes versos que xuntan con primor
de Waller os encantos e Denham o vigor.
Unha pluma elocuente é arte, non azar,
e anda con máis soltura quen aprende a bailar.
A rudeza non debe ofender os oídos,
e os sons teñen que ser o eco dos sentidos:
a voz é máis suave cando Céfiro rasa,
e áxil baixa o río cun ritmo que lle casa;
mais se baten na costa as ondas a cachón,
o forte e rudo verso arremeda un trebón;
cando Áiax procura levantar unha pena,
a expresión é pausada e a métrica serena;
mais cando polos prados corre veloz Camila
as palabras alancan e o verso non vacila.
Timoteo ten obras con moitas variacións,
e sorprende os lectores alternando as paixóns:
Alexandre de Grecia, o gran conquistador,
ora brilla glorioso, ora arde de amor;
ora os seus bravos ollos escintilan furiosos,
ora desfaise en bágoas e suspiros queixosos.
En helenos e persas cambian as emocións,
e acaba o rei do mundo vencido polos sons!
Dos nosos corazóns a música é señora,
e o que foi Timoteo éo Dryden agora.
Os extremos evita, e sé desapiadado
con quen gusta das cousas moi pouco ou demasiado.
Quen por unha minucia se aqueloutra ofendido
demostra moito orgullo ou escaso sentido;
á testa, como ao ventre, en nada lle convén
por todo sufrir náuseas e non dixerir ren.
Non te deixes levar polos que alegres troban,
pois os parvos admiran e os sensatos aproban;
e así como na brétema todo se ve maior,
a falta de sentido a todo dá grandor.
Algúns gustan de autóctonos ou tan só de estranxeiros,
e outros só de modernos ou só de devanceiros:
nas artes e na fe hainos que se confinan
a unha pequena seita e as demais abominan.
Con maldade desexan as beizóns limitar
e facer que o astro rei luza nun só lugar:
mais se as artes no sur baixo os seus raios quecen,
os xenios que hai no norte co seu fulgor florecen;
iluminou os clásicos de épocas pasadas,
no presente esclarece con fúlxidas luzadas,
e daralles calor aos talentos futuros,
malia haber días claros e días máis escuros.
Non valores o enxeño por ser novo ou velleiro:

fai renuncia do falso e loa o verdadeiro.
Algúns xamais ofrecen un xuízo de seu,
senón que se fan eco do que o vulgo acolleu;
razoan e conclúen segundo o precedente,
e atesouran parvadas sacadas doutra xente.
Algúns xulgan as obras polo nome do autor:
non critican o escrito, critican o escritor.
E desta servil grea son con moito os peores
os que viven á sombra de orgullosos señores.
Son críticos a soldo dun alto xentilhome,
e están ás súas ordes para darlle renome.
Un madrigal calquera cáusalles descontento
se o escribe un servidor ou un pobre famento;
pero se vén da pluma dun nobre poderoso...
Que refinado estilo! Que concepto enxeñoso!
O seu sagrado nome volve os textos máis tersos,
e preña de sentido os magníficos versos!
Por afán de imitar trabúcanse os vulgares,
pero tamén os cultos por seren singulares:
tanto rin dos comúns que, cando estes acertan,
lévanlles a contraria e a todos desconcertan;
deste xeito os cismáticos afástanse dos crentes
e condénanse ao inferno por moi intelixentes.
Algúns odian de noite o que adoran de día,
e dan por acertada a nova teoría;
estes tratan as musas como as súas amantes,
e agora vilipéndianas cando as loaban antes;
son de ideas volubles, e cambian de facción
como en guerra unha vila que non ten gornición.
Busca o porqué e diranche que cos anos aprenden,
que mañá entenderán o que hoxe non comprenden.
Desprezamos os pais ao volvernos máis sabios,
e os nosos sabios fillos farán iguais agravios.
Antes, en Gran Bretaña, era lei a escolástica,
e o saber demostrábase cunha cita eclesiástica;
cumpría discutir o dogma e o Evanxeo,
mais ninguén se atrevía por non perder o ceo;
pero agora descansan tomistas e escotistas
durmindo nos andeis xunta dos novelistas.
Se incluso a propia fe muda de indumentaria,
por que os cambios no enxeño son cousa extraordinaria?
Moitas veces, por moda, ignórase o correcto,
e perde lustre a arte por buscarse un efecto;
e os autores estiman teren gañada a fama
e alcanzaren a gloria porque un parvo os aclama.
Algúns tan só valoran os do seu parecer,
e estímanse modelos ante os que responder;
a outros galardoan e outórganlles trofeos,
mais gábanse a si mesmos por méritos alleos.
As faccións literarias concordan coas políticas,

e por motivos públicos endurécense as críticas.
Contra Dryden alzáronse maldades e amarguras
encarnadas nos nobres, os críticos e os curas;
mais pasada a rexouba o sentido venceu,
e a xustiza outorgoulle os méritos de seu.
E se un día volvese para enchernos de gozo,
novos Blackmores e Milbourns sairían do pozo;
e se o xenial Homero regresase da morte,
o seu crítico, Zoilo, tería a mesma sorte.
A envexa é unha sombra que persegue a grandeza,
pero o escuro consegue destacar a clareza:
cando a lúa no eclipse o astro rei ensombrece
tan só está revelando a luz de que carece;
mais se o sol refulxente proporciona calor
acaba rodeado por nubes de vapor;
e esas mesmas nubes vólveno máis fermoso
e danlle maior gloria cun nimbo luminoso.
O verdadeiro mérito axiña has de amigar,
pois non che terá estima se te fas esperar.
Nestes tempos modernos ten curta vida a rima,
e o xusto é permitirlle que alcance cedo a cima;
Atrás quedou a idade dos vates primixenios
na cal as grandes obras perduraban milenios:
esta segunda vida que nos ofrece a fama
dúralle medio século a aquel que máis se aclama;
os fillos fan dos pais unha crítica fera,
e o que viviu Chaucer é o que a Dryden lle espera.
Se un poeta concibe unha nova obra mestra
e perfila os seus trazos aplicando man destra,
un novo mundo xorde segundo o seu anhelo,
e a natureza ofrécese a posar de modelo;
logo as cores maduran e fan que a luz e a sombra
se enriquezan e fundan dunha forma que asombra;
o tempo faina anella e moito máis belida,
e as ousadas figuras parecen cobrar vida;
mais nas pérfidas cores ocúltase a traizón,
e fan que se esvaeza a bela creación.
O enxeño, en ocasións, moitos males carrexa,
e ás veces non compensa por ser causa de envexa.
Só de mozo se aprecian tales preces baleiras,
mais estas vaidades teñen moi curtas xeiras:
son unha alegre flor que agroma en primavera,
e así como florece xa decontado amera.
Por que nos preocupamos tanto por ter renome,
se é casar coa muller da que goza outro home?
Canto máis nos admiren máis problemas teremos,
e máis esixirán canto máis regalemos.
Custa acadar a fama, mais ten perda doada,
e sempre a algúns ofende, e a todos nunca agrada;
e témena os perversos, detéstana os pailáns,

evítana os honrados e atácana os viláns!
Se tanto sofre o enxeño por mor dos ignorantes,
é peor cando os cultos lle son belixerantes!
No pasado encomiábase os homes destacados,
e os que mellor obraban eran recompensados:
aos xenerais honraban con triunfos suntuarios,
mais tamén coroaban aos bravos lexionarios.
Pero agora, os que alcanzan a cima do Parnaso
pelexan por levar os demais ao fracaso;
o narcisismo manda nos autores celosos,
e as pelexas de enxeños son deportes morbosos;
o peor escritor é o máis parco en gabanza,
e un artista mesquiño fai mala veciñanza.
Con sucias artimañas arrastran as persoas
ao sagrado misterio da luxuria das loas;
e tal sede de gloria insaciable consome,
xaora ao propio crítico, pero tamén ao home.
Sempre deben xuntarse a bondade e o tino:
trabucarse é humano, perdoar é divino.
Se ti es de mente nobre e suponche un empezo
algún pouso de cólera ou de amargo desprezo,
vérteo contra os crimes que causan máis vexames,
dos que xamais hai falta nestes tempos infames.
A vil obscenidade non debe ter perdón,
agás que enxeño e arte fagan conspiración;
pero coa estupidez ten mala conivencia,
e ao xuntalas azoran como amor e impotencia.
Nos anos do pracer e a riqueza abondosa,
xurdiu a mala herba e medrou ben vizosa;
o rei só se ocupaba dos asuntos do amor,
e era pouco político e nada loitador;
gobernaban os fatuos, premiábase os estultos,
e os mozos da nobreza dábanse aires de cultos;
os próceres da corte dedicábanse á farsa,
e as damas suspiraban coa graza da comparsa:
os modestos abanos ningún rostro tapaban,
e as doncelas sorrían co que antano arrubiaban.
Sucedeuno un foráneo, con tal libertinaxe
que ao valente Socino esqueceuno a cregaxe;
os descridos fixeron reforma na nación
con métodos máis fáciles de achar a salvación;
os fregueses podían da fe facer disputa,
e Deus deixou de ter potestade absoluta;
nos sermóns desculpaban as sátiras sagradas,
e as obras máis perversas eran mesmo admiradas!
Así os titáns do enxeño afrontaron o Ceo,
e as blasfemias con bula imprimíronse a treo.
Lanzade a vosa furia contra estes monstros míticos
con raio, dardo e frecha, ou, olímpicos críticos!
Mais tamén evitade esa falta común

de atopar moitos vicios onde non hai ningún,
pois o que está infectado en todos ve infección
e nunca se preocupa da propia curación.

Un crítico ha de ter unha conduta ética,
e non só limitarse a saber de poética;
o bo gusto e xuízo son tan só unha metade
que debes completar con candor e verdade,
pois é raro que abonde cun xuízo xenial:
as máis das veces cómpre dar un trato cordial.
Cala perante as dúbidas, non apremes as verbas,
e en toda ocasión fala coas debidas reservas;
non te sumes ás filas dos pailáns porfiados
que, errados unha vez, sempre estarán errados:
os teus fallos de antano recoñece gustoso,
e sé contigo mesmo un xuíz rigoroso.
Ademais, brinda sempre consello verdadeiro:
mellor directo e franco ca amable e mentireiro;
ensínalles aos homes sen que saiban que o fas,
que pensen que o que aprenden esquecérano atrás;
ténselle máis aprecio ao saber superior
cando as boas maneiras lle aumentan o valor.
Os mellores consellos por nada os escatimes,
pois gardar os saberes é dos peores crimes;
se che dan confianza non pagues con traizón,
nin caias na inxustiza por ter educación;
e nunca sintas medo por criticar un sabio,
pois o que ten máis mérito leva mellor o agravio.
Con todo, aínda hai críticos que se toman licenzas
e profiren impávidos tan ousadas sentenzas
que fan que Apio arrubie e poña mal cariz
coma un fero tirano nun antigo tapiz.
Cóidate de atacares un parvo da nobreza,
pois gozan do dereito a escribir sen destreza;
malia non ter enxeño esquivan a censura,
e pagan os diplomas sen adquirir cultura.
Deixa as malas verdades ao sátiro perdido
e as gabanzas a soldo ao adulador ardido,
a quen xa non dan creto se fan exaltación
nin cando nos prometen deixar a profesión.
Ás veces é mellor á crítica pór freos
e permitir que os necios fagan os seus floreos:
cala e non os censures, pois ante os teus clamores
farán mil obras novas estes vans escritores;
marchan con rumbo fixo, cun funguido constante,
e, malia os fustrigares, seguen sempre adiante;
son coma os facos vellos, que se dan un mal paso
non tardan en volver andar cun trote laso.
Greas destes autores bravos e impenitentes,
criados entre sons e versos estridentes,

corren entre os poetas con execrable dolo
e espremen ata a borra o froito do miolo
ata quitarlle ao enxeño a derradeira esencia
esborranchando rimas coa saña da impotencia.
E así como é frecuente o bardo desbocado,
tamén abunda o crítico tolo e abandonado:
testalán ignorante malia o moito que leu,
cargado polo lastre das cousas que aprendeu;
coa súa propia lingua dá gusto ao seu oído,
e só consigo mesmo parece compracido;
le cantos libros saen e non fai distinción,
sexa Dryden ou Durfey ataca a discreción;
para el, toda obra é un roubo literario,
e di que Garth non é o autor do Dispensario.
Se sae unha obra nova axiña a recomenda;
suxeriu algúns cambios... mais que autor fai emenda?
Se te asexa, non tentes acollerte a sagrado,
nin te ocultes nun sitio que un anxo ten vetado:
en calquera lugar entra con ardentía,
sexa unha catedral ou unha librería.
Cando o prudente fala con modesta cautela
recorre á súa orixe e non se afasta dela;
pero o sandeu non segue un patrón razoable,
xamais mostra sorpresa, marca un rumbo inmutable,
e cando estoupa arrasa cunha forza imparable.
Mais onde está ese home de lúcida opinión
que gusta de ensinar sen chamar a atención,
que ten un xuízo libre de favores e zunas,
sen parvos prexuízos nin teimas importunas?
Sabio pero cortés, cortés pero sincero,
afouto mais modesto, humano mais severo,
que as faltas dos amigos é quen de sinalar
e o valor dos rivais ten a ben enxalzar?
Que amosa un gusto exacto, sen cinguirse a un só plano,
coñecedor dos libros e do xénero humano,
de alma sen orgullo, de discurso doado,
que con pracer encomia coa razón do seu lado?
Tales eran os críticos, un prezado tesouro,
na Atenas e na Roma das idades de ouro.
O grande Estaxirita as áncoras levou,
mantivo un rumbo firme e ese mar explorou;
e atopou novas terras e afrontou desafíos
guiado polo brillo do Luceiro de Quíos;
á raza dos poetas, salvaxe e orgullosa,
deulle unha nova lei para o verso e a prosa;
e aquel que a natureza ben soubo dominar
sobre o imperio do enxeño comezou a reinar.
Horacio é dos que encantan con graza e neglixencia,
e sen seguir un método incúlcanos sapiencia;
coma un amigo, expresa dun xeito familiar

os conceptos máis certos que nos quere ensinar;
no enxeño e no xuízo amosa igual grandeza,
e censura e escribe con parella afouteza,
mais é frío xulgando malia escribir con lume,
e o seu precepto aprende o que o seu verso asume.
Os críticos de hogano deron en se lle opor:
sempre escriben con flegma e xulgan con furor;
e menos sofre Horacio coas malas traducións
ca un crítico que tira erradas conclusións.
Dionisio refina as homéricas trobas,
e invoca en cada verso moitas belezas novas.
Petronio xunta alegre o santo e o maldito,
a graza cortesá e o saber erudito.
As abundantes obras do grave Quintiliano
combinan regras xustas e arranxo meridiano,
que ao xuntarse fornecen un útil arsenal
disposto cunha orde e un donaire xenial
que ademais de pracer proporciona armamento
que a mente pode usar cando chegue o momento.
As Nove bendiciron o valente Lonxino,
que critica co lume dun poeta divino;
un xuíz con rigor e paixón ardorosa,
mais de sentenza xusta e escrita afectuosa,
que dá exemplo seguindo as leis con precisión,
tornando no sublime do cal fai descrición.
Tal reinaron os críticos en épocas vetustas,
limitando as licenzas e ditando leis xustas;
alzáronse os imperios de Roma e mais da arte,
e o verso acompañou a aguia do estandarte.
Pero co tempo as dúas atoparon perigos,
e arte e Roma caeron ante iguais inimigos:
así, a superstición uniuse á tiranía
e sobre mente e corpo gañaron primacía;
as xentes tiñan crenzas, mais nada comprendían,
e estimábase bos os que menos sabían;
e un segundo dioivo co saber arrasou
cando a obra dos godos o clero rematou.
Mais finalmente Erasmo, o xenio desprezado,
do sacerdocio a gloria e tamén o pecado,
contivo a violencia da enxurrada salvaxe
e acabou cos saqueos da vándala cregaxe.
O papa León trouxo tempos máis sobranceiros,
e as musas arranxaron os seus murchos loureiros;
alzou a nobre testa e xurdiu das ruínas
o venerable xenio das idades latinas;
reviviu a escultura e outras artes irmás,
a pedra tomou forma e a rocha adquiriu ás;
e nos templos oíuse unha canción belida
coa cor de Rafael e co verso de Vida.

A Vida coroárono con inmortais honores:
o loureiro dos vates e a hedra dos censores;
e o seu nome fará para sempre a Cremona
sucesora de Mantua en posición e sona!
Mais axiña se alzaron certas mentes obtusas
e do Lacio expulsaron as xenerosas musas;
e ao setentrión fuxiron buscando tolerancia,
e floreceu a crítica, en especial, en Francia:
no país onde as regras en todo teñen mando,
Boileau seguiu a estela que Horacio foi deixando.
Pero o pobo britano é bravo e irredento,
e á lei dos estranxeiros non damos cumprimento;
o noso enxeño é libre, ardoroso e con brío,
e, como antano, a Roma fixemos desafío.
Mais algúns de entre nós, os que tiñan máis siso
e estimaban o exacto superior ao impreciso,
a antiga e xusta causa afoutos ampararon,
e as leis fundamentais do enxeño restauraron.
Tal é o duque de Buckingham, que dando exemplo adestra:
«Unha escrita acertada é a maior obra mestra».
E tal é lord Roscommon, o sabio e bondadoso,
de nobre sangue azul e xesto xeneroso,
coñecedor do mérito que viron Grecia e Roma
e todos os autores, e que en si mesmo agroma.
E tal é tamén Walsh, das musas compañeiro,
que en críticas e encomios sempre estivo certeiro;
anuente cos erros e duro coa indolencia,
unha mente preclara e unha alma con decencia.
Recibe esta loanza, defunto benquerido,
de parte dun autor que che está agradecido!
De ti, cando era novo, aprendeu a cantar,
arranxáchesllе as ás e lanzouse a voar;
e agora que perdeu a túa eximia guía
xa non voa tan alto nin con tanta ousadía,
e conténtase abondo se ilustra os ignorantes
e se os lidos recordan o que sabían antes;
non lle importa a censura nin lle entusiasma a fama,
en eloxiar comprácese e culpar non desama;
mostra igual reticencia a ofender e adular,
e ten as súas faltas, mais sábeas emendar.